



## OFICIOS VENRES SANTO

“ESTA É A VERDADEIRA, A PERFECTA, A ESTABLE E CONSTANTE AMIZADE ... A QUE, POSTA A PROBA DESTA MANEIRA, NON CEDE; A QUE, A PESAR DE TANTOS GOLPES, NON CAE; A QUE, BATIDA POR TANTAS INXURIAS, MÓSTRASE INFLEXIBLE; A QUE, PROVOCADA POR TANTAS ALDRAXES, PERMANECE INMÓBIL. ANDA, POIS, FAI TI O MESMO”[1].

Neste Venres Santo non contemplamos en primeiro lugar os golpes, as inxurias, as aldraxes, senón a amizade inquebrantable que vive o Señor Xesús.

Este é o obxecto verdadeiro da nosa fe. Cremos nel, que fai presente esta amizade na que confiamos para sempre. Confiamos nel, cremos en Deus, o seu Pai e o noso Pai.

Na Cruz maniféstase a alianza perfecta, no amor e a fidelidade, vivida desde o máis íntimo, comprensible para nós, que anhelamos desde o fondo a amizade que poida liberarnos, feita dunha misericordia que é aprecio verdadeiro e gratuito, afirmación incondicional do noso ben, da nosa persoa.

Podemos mirar á Cruz e, vendo a Paixón, que é entrega, na que nos fala o máis verdadeiro e persoal de Xesús, lembrar as súas palabras na Última Cea: este é o sangue da nova e eterna Alianza, derramada por vós e por moitos para o perdón dos pecados.

A Alianza, chamada a permanecer para sempre, está feita dunha fidelidade xa plena e nova, por suposto de Deus, pero tamén do home.

Deus é fiel, á súa Palabra e ás promesas feitas; é fiel, por tanto, a Adán e Eva, a Noé, a Abraham, Isaac e Jacob, a Moisés, ao seu Pobo; en realidade, á súa Creación, no íntimo da cal, desde a orixe habitando no corazón dos homes, resoa a palabra transmitida pola Escritura: viu Deus que era bo; a promesa, por tanto, dun ben pleno.

A fidelidade divina demóstrase non deixándose vencer pola infidelidade humana, polas mentiras, os esquecementos e abandonos, polas obras de inxustiza e de opresión, polos moitos pecados que destrúen a obra divina, que conducen á morte, e que son no íntimo un rexeitamento e unha ofensa a Deus.

[1] BEATO ELREDO, Tratado sobre a amizade espiritual, I. III: PL 195, 692-693

Pero El sabe que somos carne, un sopro que pasa, e se compadece cheo de misericordia. Faise un como nós, asume a nosa natureza e, con ela, a súa mortalidade, o peso dos nosos pecados; alzando como un estandarte: todo o que sinta o poder do pecado, todo o que se vexa ameazado pola morte, pode levantar a mirada á cruz e confiar na fidelidade do Pai, que non rompe a Alianza, que, entregándonos ao seu propio Fillo, dános probas dunha amizade que, pola súa parte, nada poderá negar.

O Señor revela así a súa gloria ante os ollos de todos, e poden velo os sinxelos e humildes, os de corazón quebrantado. É unha gloria que se manifesta nunha misericordia que non ofrece perdóns desde o alto, senón que experimenta connosco todo o peso do pecado, o sufrimento que comporta para o ser humano, a destrución física e a violencia moral, a agresión ás consciencias e os corazóns, que quedan na escuridade e o abandono, sen sostén nin amparo neste mundo.

As ofensas dos pecados, que caen sobre cada un, o dano que fan á humanidade de moitas maneiras, caen tamén sobre El. Non quere perdoar sen saber e experimentar a dor do mal, o peso do pecado do mundo. E é a súa gloria, como Deus fiel, poder facelo: *unus ex Trinitate passus est*.

Pero en Xesús tamén o home é fiel. O seu corazón, plenamente humano, unido ao Pai, conducido polo Espírito no cumprimento da súa misión, é fiel a Deus, á súa Alianza, á súa vontade para connosco, con este mundo.

Xesús cumpre así tamén a nosa parte, para con Deus e para cos irmáns. Con palabras do Salmo, poderá dicir: o celo da túa casa consómeme, as afrontas con que te afrontan caen sobre min. No seu amor ao Pai, sente como feitas a El as moitas afrontas que o noso mundo fai a Deus, e que se fan tamén sempre ao próximo e aos máis pequenos, que Deus ama.

Xesús pedirá perdón a Deus no noso nome; pero sabendo, experimentando dalgunha maneira no seu corazón, coma se fosen propias, as afrontas feitas a Deus polo mundo que o nega. Pide así perdón en toda verdade ao Pai, coñecendo e sabendo o que di, o peso e a inxustiza radical das afrontas. El pide perdón ao Pai, porque o ama; porque é o único xusto e adecuado para un corazón verdadeiramente humano, que se volve cara a Deus e reconece o pecado cometido.

Pero Xesús é fiel igualmente aos seus irmáns. Participa da fidelidade divina, segundo a vontade do Pai, que non rexeita, non despreza, non exclúe a ninguén; que quere perdoar o pecado do seu Pobo e de todo o mundo.

Ser fiel aos seus irmáns é a expresión no seu corazón da fidelidade a Deus, á vontade salvadora de Deus. Xesús dá a vida polos seus amigos, aínda sendo e porque son pecadores. Fará o xesto en toda a súa verdade, sabendo e experimentando ata o fondo o que implica, sen retirarse aínda cando esta amizade signifique sufrir aldraxes, ofensas, violencias e golpes, e a morte mesma. Experimentar todo o peso do pecado, todas as súas consecuencias, toda a súa destrución da humanidade, é o camiño que quere percorrer para ser fiel aos homes, para pedir de verdade perdón.

Nós moi mal fariamos, se non vísemos esta amizade perfecta, esta Alianza nova e eterna de Deus cos homes. Se non recoñecésemos o Amor de Deus, que nos antecede, que envía ao seu Fillo feito home, para que tamén un corazón humano sexa fiel, sosteña a historia, permita dicir que a creación é boa.

Non podemos deixar de ver a grandeza deste amor do Señor, a dignidade da súa batalla, a dignidade da vida á que está chamado todo home, á que Deus nos chama.

Contemplando a Cruz, veremos o peso do pecado, do mal; evidente no sufrimento que provoca, ata hoxe, masivamente: ata os desprezos manifestos da vida, de quen vai nacer como de quen é maior, ou de quen é sacrificado sen pena en mil guerras inaceptables; ata o desprezo profundo do máis humano, da verdade e a dignidade, do amor verdadeiro entre esposos, da relación dos pais cos fillos, dos mestres cos alumnos, dos que traballan xuntos en mil empresas, etc.

Desprezo do home que, sabemos agora con máis conciencia, é desprezo e ofensa a Deus.

Pero comprendemos a dor do pecado, tanto máis, canto máis percibimos a verdade, o decisivo do amor, desta amizade que ha de dar forma á vida humana. Vemos entón non só o que sofren as persoas, senón tamén o que se destrúe, o que non se vive, o que non se ama, mentres se abren as portas á morte de moitas maneiras.



*AVE CRUX, SPES UNICA*

Contemplando a Cruz, sabemos que isto Deus non o quere, nin ningún ser humano que non renegue de si mesmo. Pero sabemos tamén que existe a resposta e o camiño, aberto e realizado por Xesús, polo que todos podemos ir a pesar das nosas debilidades e pecados. É o camiño do seu Amor redentor, desta Amizade que habemos de recoñecer sempre, que habemos de gardar no corazón de modo que non se esqueza nin a escurezcan os males da vida.

É a Amizade fiel, a Alianza definitiva que o Señor realiza na súa Pascua, cumprindo na súa paixón a vontade do Pai. De modo que, grazas a El, a Cruz sexa xa verdadeiramente o lugar no que brilla a luz, a gloria verdadeira, vencedora da morte.

Hoxe venerarémola de novo especialmente: *Ave crux, spes unica*.

+Alfonso,  
Bispo de Lugo